

TROFEO XXX ANIVERSARIO ESCOLA ATLÉTICA BEN CHO SHEY

MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI COVID-19 PISTA DE ATLETISMO JOSEFINA SALGADO

1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada suroeste, situada a altura da saída dos 400m. da pista de atletismo Josefina Salgado, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Permítese o acceso de público a grada. Aforo do 100%, sentados e con mascarilla. Non está permitido comer. Está permitido beber. Non fai falta rexistro.

Autorizarase o acceso a instalación unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal da organización.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Os/as adestradores/as das/os atletas participantes, poderán solicitar acreditación ata ás 12:00 horas do día previa á competición no formulario publicado na web da Federación Galega de atletismo: atletismo.gal a razón (un adestrador por cada 5 atletas).

Os dorsais serán entregados a un Delegado/a de cada Club.

2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS


É obrigaotrio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo Fisicovid – DXT Galego da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para as colchonetas e os tacos de saída das carreiras.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



3. VESTIARIOS E ASEOS

Os vestiarios e aseos estarán a disposición dos/as atletas a unha capacidade do 75% por non dispor de cabinas individuais.

4. CÁMARA DE CHAMADAS

A Cámara de Chamadas estará situada no exterior da pista ao inicio da primeira curva.

5. ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas disporán do exterior da pista de atletismo na zona de contrameta para realizar os seus exercicios de quecemento.

O quecemento deberá realizarse con máscara, de xeito individual e gardando a distancia de seguridade (mínimo 1,5m.) respecto aos demais atletas.

6. CARREIRAS

Nas carreiras, antes da saída, os/as atletas poderán desbotar a súa máscara seguindo as instrucións dos xuíces da proba e/ou da organización.

As máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova chegado o/a atleta a meta.

No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

7. CONCURSOS

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría ata unha hora antes do comezo da proba.

Os/as atletas deberán gardar a distancia de seguridade (mínimo 1,5 m.) entre eles en todo momento e deberán permanecer coa máscara posta, agás para executar o seu intento/lanzamento.

Os/as atletas deberán manter en todo momento unha correcta hixiene de mans.

Os artefactos serán desinfectados.

8. COORDINADOR PROTOCOLO FISICOVID – DXT GALEGO

A organización estará a disposición do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

9. NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo Físicovid – DXT Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

10. PLANO DA INSTALACIÓN



PISTA DE ATLETISMO JOSEFINA SALGADO - COMPLEXO DEPORTIVO DE MONTERREI

1. Acceso Atletas-Adestradores/as-Delegados/as **2.**Secretaria **3.**Zona de Quecemento **4.**Cámara de Chamadas **5.**Aseos **6.**Saida Pista **7.**Ambulancia **8-9.**Acceso-Saida grada **10.**Vestuarios-Aseos Grada